

Referencia: ISSAI-ES 400 e GPF-OCEX 4001

Documento elaborado pola Comisión Técnica dos OCEX e aprobado pola Conferencia de Presidentes da ASOCEX o 17 de maio de 2016

I.	Introdución	1
II.	Importancia relativa no cumprimento da legalidade	3
III.	Tipos de incumprimentos segundo a súa importancia relativa e efecto nos informes de fiscalización	6
IV.	Fiscalización da contratación	10
V.	Fiscalización das subvencións	12
VI.	Fiscalización da xestión de persoal	16
VII.	Fraude e abuso	20
Anexo I Guía de incumprimentos significativos en materia de contratación		
Anexo II Guía de incumprimentos significativos en materia de subvencións		
Anexo III Guía de incumprimentos significativos en materia de persoal		

*Nota 1: As referencias realizadas na guía a normas de carácter estatal entenderanse realizadas, mutatis mutandis, ás correspondentes normas de ámbito autonómico ou foral naqueles OCEX nos que sexan de aplicación estas últimas. Os criterios para aplicar a importancia relativa non variarán.*

*Nota 2: Para facilitar a análise e utilización desta sección do Manual de fiscalización púxose, no seu caso, ao final de cada parágrafo, a referencia á norma e parágrafo correspondentes.*

#### I. Introducción

- Os obxectivos dunha auditoría de estados financeiros do sector público non adoitan limitarse a expresar unha opinión sobre se os estados financeiros foron preparados, en todos os aspectos importantes, de acordo co marco aplicable de información financeira.

Os obxectivos poden incluír responsabilidades de auditoría e de información, por exemplo, relacionadas con informar sobre se o auditor atopou casos de incumprimento de mandatos, incluídos o orzamento e a rendición de contas e/ou a información relacionada coa eficacia do control interno. (ISSAI 1320; P4)

- Por outra banda, dentro dos mandatos dos OCEX, inclúense as fiscalizacións de cumprimento de legalidade ao obxecto de determinar se un asunto cumpre coas normas legais, regulamentarias, estatutarias e de procedemento identificadas como marco legal. As fiscalizacións de cumprimento lévanse a cabo avaliando se as actividades, operacións financeiras e información cumpren, en todos os aspectos significativos, coas normas que rexen á entidade auditada. (ISSAI-ES 400; P9)
- A presente Guía debe lerse conxuntamente coa GPF-OCEX 1320 e a GPF-OCEX 4001.

#### II. Importancia relativa no cumprimento da legalidade

- A "GPF-OCEX 4001: As fiscalizacións de cumprimento da legalidade e modelos de informes" establece o seguinte en relación coa materialidade:

##### **“III. Planificación dunha fiscalización de cumprimento**

##### **III.6 Materialidade**

- Os auditores deben considerar o limiar de importancia relativa ou materialidade durante todo o proceso da fiscalización.

*Determinar o limiar de importancia relativa, cuantitativa e cualitativamente, é unha cuestión de xuízo profesional, consistente na determinación do límite máximo tolerable de incorreccións que non se consideran relevantes a efectos dos resultados da fiscalización, en función dos obxectivos establecidos para a mesma. (ISSAI-ES 400; P43)*

*Na planificación establecerase, no seu caso, o limiar de importancia relativa que se considere apropiado, xa sexa en termos cuantitativos ou cualitativos. Nunha fiscalización de cumprimento o limiar de importancia relativa manterase en niveis baixos, de forma que se poidan poñer de manifesto incorreccións que, aínda que na súa contía poden non ser elevadas, constitúen incumprimentos da normativa.*

40. *A materialidade ou importancia relativa comprende factores tanto cuantitativos como cualitativos. Nunha fiscalización de cumprimento, a materialidade determinarase a efectos de: (ISSAI 4200; P75)*
- Planificación*
  - Avaliación da evidencia obtida e a repercusión dos actos de incumprimento detectados*
  - Presentación dos resultados da fiscalización.*
41. *Os auditores do sector público planificarán e executarán a auditoría co fin de determinar se a información acerca da materia fiscalizada resulta conforme, en todos os aspectos significativos, cos criterios establecidos. (ISSAI 4200; P76)*
42. *Determinadas cuestións poden ser consideradas materiais a un nivel de valor ou incidencia que resulte inferior ao esixido con carácter xeral, por exemplo, en casos de: (ISSAI 4200; P80)*
- Fraude.*
  - Incumprimento ou comisión de actos ilícitos de carácter intencionado.*
  - Presentación de información incorrecta ou incompleta á dirección, ao auditor ou ao poder legislativo (ocultación).*
  - Resistencia intencionada ás peticións de seguimento cursadas pola dirección, os organismos competentes ou os auditores.*
  - Operacións ou actos realizados a sabendas da falta de fundamento xurídico para realizalos.*
43. *Ao avaliar a evidencia obtida, a determinación da materialidade pode verse influída por factores cuantitativos como o número de persoas ou entidades afectadas pola materia controlada, ou os importes en xogo.*

*Nalgúns casos, os factores cualitativos son máis importantes que os factores cuantitativos.*

*A natureza, visibilidade e sensibilidade de determinados ámbitos temáticos ou materias fiscalizadas poden xogar o seu papel. Por exemplo, a importancia concedida á materia fiscalizada polos destinatarios, unha comisión de contas públicas ou outra comisión parlamentaria similar, poden influír na determinación da materialidade.*

*As expectativas dos cidadáns e o interese público constitúen tamén factores cualitativos que poden incidir na determinación da materialidade polos auditores do sector público. (ISSAI 4200;P82)*

## **V. Avaliación da evidencia e formación de conclusións**

61. *Os auditores deben avaliar se se obtivo evidencia de auditoría suficiente e apropiada, e deben formular conclusións relevantes. (ISSAI-ES 400; P54)*

*Despois de completar a auditoría, o auditor debe revisar a evidencia para chegar a unha conclusión ou emitir un ditame, debe avaliar se a evidencia obtida é suficiente e adecuada como para reducir o risco de auditoría a un nivel aceptablemente baixo.*

*O proceso de avaliación require tomar en consideración tanto a evidencia que soporte como a que contradiga o informe, conclusión ou opinión de auditoría sobre o cumprimento ou incumprimento. Tamén inclúe consideracións sobre a materialidade.*

*Se a evidencia que se obtén dunha fonte é inconsistente coa obtida doutra, ou se existen dúbidas sobre a fiabilidade da información que se utilizará como evidencia, o auditor debe determinar que modificacións ou ampliacións, aos procedementos de auditoría, resolverían a inconsistencia e dúbidas detectadas e considerarían as implicacións, se as houberse, para outros aspectos da fiscalización.*

62. *Ao concluír a auditoría, o auditor revisará a documentación da mesma para determinar se a materia obxecto de análise foi analizada de maneira suficiente e adecuada. Tamén debe definir se a valoración do risco e a determinación inicial de importancia relativa (materialidade) foron*

*adecuadas á luz da evidencia recompilada, ou se é necesario revisalas. (ISSAI-ES 400; P54)*

63. *Despois de avaliar se a evidencia é suficiente e adecuada dado o nivel de seguridade da auditoría, o auditor debe considerar a mellor maneira de formular as conclusións. (ISSAI-ES 400; P54)*
64. *Debido ás limitacións inherentes a unha auditoría, non cabe esperar que os auditores do sector público detecten todos os actos de incumprimento.*

*A avaliación realizada polos auditores do sector público sobre cando se produciu unha desviación do cumprimento de importancia material deriva do seu xuízo profesional e comprende o exame do contexto das operacións ou problemas de que se trate, así como dos seus aspectos cuantitativo e cualitativo.”*

### **Xuízo profesional**

5. Hai que resaltar que as normas técnicas de auditoría establecen como elemento fundamental para fixar a importancia relativa o **xuízo profesional** do auditor. Este principio ten especial incidencia nas fiscalizacións de cumprimento de legalidade.

Teranse en conta unha serie de factores ao empregar o xuízo profesional para determinar se o incumprimento é significativo. Entre estes factores cabe citar os seguintes<sup>1</sup>:

- A materialidade cuantitativa do incumprimento.  
*Podería non ser razoable informar dun incumprimento que se refire a un importe reducido, salvo que sexa recorrente.*
- A xerarquía legal da norma vulnerada.  
*Un incumprimento dunha lei é máis grave que o incumprimento dunha resolución administrativa. O incumprimento dun principio xeral é máis importante que un incumprimento formal.*
- Os obxectivos da fiscalización.  
*Un incumprimento dunha norma pode non ser significativo a efectos dunha auditoría financeira, pero pode selo se é unha auditoría de cumprimento centrada na norma incumplida.*
- Os importes analizados poderán ser monetarios ou medidos de forma cuantitativa como, por exemplo, o número de cidadáns ou de entidades afectadas, os atrasos respecto do prazo establecido, etc.
- As circunstancias e a natureza do incumprimento.
- Os posibles efectos e consecuencias do incumprimento.
- As necesidades e expectativas do poder legislativo, os cidadáns e os demais destinatarios do informe de auditoría.
- A visibilidade e carácter sensible do programa en cuestión  
*Por exemplo, se é obxecto de interese público significativo, se ten repercusións en cidadáns vulnerables, etc.*
- O grao de extensión/intensificación do incumprimento.  
*Non é o mesmo un incumprimento illado, que pode deberse a un erro, que un incumprimento sistemático e reiterado.*
- As causas ou motivación tras o incumprimento.  
*Un suceso accidental, un erro, será tratado de forma diferente que un incumprimento voluntario e deliberado.*
- A claridade da situación.  
*Por exemplo, un caso xuridicamente discutible, sobre o que se manteñen posturas xurídicas discrepantes entre a entidade e o auditor ou os servizos xurídicos do OCEX.*
- Tamén debe distinguirse entre obrigas claramente establecidas na lei, de situacións nas que, non sendo obrigatorio determinado comportamento ou procedemento, resulta recomendable para mellorar a xestión da Entidade.  
*Esta circunstancia pode presentarse con maior frecuencia na fiscalización de poderes adxudicadores non administración pública, para contratos non SARA, nos que a súa regulación non está tan explicitada na*

<sup>1</sup> Ver nota ao pé de páxina nº 5 da GPF-OCEX 4001.

*norma como para o caso das administracións públicas. Nestes casos será esencial atender á autorregulación que a entidade plasmase nas súas instrucións de contratación.*

- As accións correctivas que puidese adoptar a entidade para emendar o incumprimento detectado ou previr futuros incumprimentos;
6. Se o auditor, facendo uso do seu xuízo profesional, non aplica os criterios establecidos na presente guía deberá xustificalo e documentalo na memoria de planificación e/ou nos papeis de traballo de forma expresa, sinalando os factores cualitativos e as razóns que incidisen na súa decisión.

### III Tipos de incumprimentos segundo a súa importancia relativa e efecto nos informes de fiscalización

7. De acordo con todo o anterior pódese establecer de forma orientativa unha clasificación da importancia relativa dos incumprimentos que se observaron e os seus efectos nos informes de fiscalización da seguinte forma:

Tipo de incumprimento	Leves ou pouco significativos	Significativos	Graves ou moi significativos
<b>Descrición</b>	Incumprimentos das normas que non son considerados significativos.  Con frecuencia de carácter formal, que non incide negativamente nos principios legais aplicables.	Afecta os principios xerais e/ou ten un efecto negativo nas contas de carácter significativo.  O incumprimento é illado e non ten carácter xeneralizado.  O incumprimento pode ser debido a unha interpretación "controvertida" da norma.	Os incumprimentos de forma individual ou en conxunto afectan os principios xerais e/ou teñen un efecto negativo nas contas de carácter significativo.  Os incumprimentos son causa de nulidade.  Os incumprimentos significativos non son casos illados e teñen carácter xeneralizado ou sistemático.  A consecuencia dos incumprimentos considérase que o contrato non se asignou ao mellor licitador, a subvención non se concedeu a quen lle correspondía, etc
<b>Efecto no informe de fiscalización</b>	Non afectará á opinión, que será positiva.  Os incumprimentos, non significativos, poderanse poñer nun anexo.	A opinión ou conclusión será positiva con excepcións.  Os incumprimentos deberanse sinalar nos fundamentos da opinión ou nas conclusións.	A opinión ou conclusión será negativa.  Os incumprimentos deberanse sinalar nos fundamentos da opinión ou nas conclusións.

8. Ao valorar a importancia relativa dun posible incumprimento debe de terse en consideración que as administracións e os OCEX mesmos, deben aplicar o **principio de proporcionalidade**, o cal exige que os actos dos poderes públicos non pasen os límites do que resulta apropiado e necesario para o logro dos obxectivos lexitimamente perseguidos pola normativa controvertida.

En xeral deben distinguirse entre trámites ou requisitos formais e outros materiais ou esenciais. Os requisitos materiais son estritos e non admiten flexibilidade. Os requisitos formais, con todo, non son tan rigorosos e non son causa para rexeitar unha determinada actuación.

De acordo co principio de proporcionalidade, o incumprimento dun requisito ou trámite meramente formal poderá considerarse un incumprimento leve.

O incumprimento dun requisito ou trámite material ou esencial será considerado ben significativo ou ben grave.

En calquera caso, e suxeito ao seu mandato legal, o auditor debe facer uso do seu criterio profesional ao valorar a importancia relativa das incidencias detectadas.

9. Na GPF-OCEX 1230 defínense as incorreccións claramente insignificantes. Ademais do contemplado na devandita guía, en relación co cumprimento da legalidade un incumprimento poderá considerarse claramente insignificante, por exemplo, cando non afecte aos principios xerais, cando o seu efecto económico sexa claramente insignificante, cando non teña efecto na determinación do adxudicatario dun contrato, na concesión dunha subvención ou na selección de persoal, e cando non se trate dun requisito ou trámite esencial ou material.

#### IV. Fiscalización da contratación

10. O traballo de fiscalización da área de contratación consiste en comprobar que os contratos seleccionados tramitáronse de acordo coa normativa aplicable. Con esta finalidade, no Anexo 1 ofrécese unha guía orientativa dos incumprimentos máis relevantes aos que debe prestarse máis atención nas fiscalizacións. Téndoos en consideración, nas fiscalizacións poden presentarse situacións calificables como incumprimentos significativos ou moi significativos e que, en función das circunstancias, poden conducir a que o auditor opine que a actividade contractual non se axustou aos **principios xerais da contratación** do sector público enunciados no artigo 1 do TRLCSP, que son:

- a) **liberdade de acceso ás licitacións**,
- b) **publicidade e transparencia** dos procedementos,
- c) **non discriminación e igualdade de trato** entre os candidatos,
- d) **asegurar**, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, unha **eficiente utilización dos fondos** destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da **definición previa das necesidades** para satisfacer, a salvagarda da **libre competencia** e a **selección da oferta economicamente máis vantaxosa**.

En liñas xerais, **calquera incumprimento que atente contra estes principios e obxectivos xerais da contratación considerarase significativo**.

11. De acordo con todo o anterior pódese establecer de forma orientativa unha clasificación dos incumprimentos que se observaron na fiscalización da contratación<sup>2</sup> e os seus efectos nos informes de fiscalización da seguinte forma:

Tipo de incumprimento	Leves ou pouco significativo	Significativo	Graves ou moi significativo
<b>Descrición</b>	Incumprimentos das normas de contratación que non son considerados significativos. Con frecuencia de carácter formal, que non incide negativamente no nivel de competencia ou nos principios de contratación.	Afecta aos principios xerais de contratación e/ou ten un efecto negativo nas contas de carácter significativo. O incumprimento é illado e non ten carácter xeneralizado. O incumprimento pode ser debido a unha interpretación “controvertida” da norma. Considérase que o contrato se adxudica ao mellor licitador.	Os incumprimentos de forma individual ou en conxunto afectan os principios xerais de contratación e/ou teñen un efecto negativo nas contas de carácter significativo. Os incumprimentos son causa de nulidade contractual. Os incumprimentos significativos non son illados e teñen carácter xeneralizado ou sistemático. A consecuencia dos incumprimentos obstaculizouse a competencia ou se considera que o contrato non se asignou ao mellor licitador.
<b>Exemplos</b>	Non publicación ou publicación fóra de prazo do anuncio da adxudicación ou formalización dos contratos.	Criterios de adxudicación non conformes ou aplicados incorrectamente, pero que non inciden no resultado da licitación.	Contrato adxudicado sen recorrer a un procedemento público cando é esixible. Criterios ilícitos de adxudicación ou aplicación incorrecta dos mesmos que inciden no resultado da licitación.
<b>Efecto no informe de fiscalización</b>	Non afectará á opinión, que será positiva. Estes incumprimentos poderanse poñer nun anexo.	A opinión será positiva con excepcións. Os incumprimentos deberanse sinalar nos fundamentos da opinión ou nas conclusións.	A opinión ou conclusión será negativa. Os incumprimentos deberanse sinalar nos fundamentos da opinión ou nas conclusións.

Aplicarase o **principio de proporcionalidade**, tal como describiuse no apartado 8 anterior. En calquera caso, e suxeito ao seu mandato legal, o auditor debe facer uso do **seu criterio profesional** ao valorar a importancia relativa das incidencias detectadas.

#### V. Fiscalización das subvencións

<sup>2</sup> Véxase o Informe especial do Tribunal de Contas Europeo nº 10, do 16 de xuño de 2015, “Necesidade de intensificar os esforzos para resolver os problemas de contratación pública que afectan o gasto da UE no ámbito da cohesión”, Cadro 1. Clasifica os incumprimentos en graves, significativos e leves.

12. O obxectivo do traballo de fiscalización da legalidade na concesión de subvencións consiste en comprobar que se cumpre a normativa aplicable.

Na concesión e xestión de subvencións será de especial relevancia o cumprimento dos **principios** seguintes:

- Publicidade.
- Transparencia.
- Concorrenza.
- Obxectividade.
- Igualdade e non discriminación.
- Eficacia e eficiencia nos obxectivos previstos na concesión.
- Boa xestión financeira.

Téndoos en consideración, nas fiscalizacións poden presentarse situacións calificables como incumprimentos moi significativos e que, en función das circunstancias, poden conducir a que o auditor opine que a concesión, xestión e xustificación das subvencións non se axustou aos **principios sinalados**.

En liñas xerais, **calquera incumprimento que atente contra estes principios considerárase significativo**.

13. Para afinar máis a avaliación dos incumprimentos débese distinguir entre:

- a) Incumprimentos cometidos polos beneficiarios.

Os incumprimentos pouco significativos poderán ser aquelas infraccións que non son causa de reintegro.

Como criterio xeral, non debe considerarse incumprimento pouco significativo ningún suposto que comporte o deber de reintegro. En consecuencia, todos os supostos de reintegro do artigo 37 deben considerarse como incumprimentos graves ou moi graves, tomando como referencia a clasificación das infraccións que se fai nos artigos 56 a 58 LXS. Se a administración concedente xa esixise o reintegro da subvención, non se poñerá unha excepción no informe de fiscalización.

- b) Incumprimentos cometidos polos xestores públicos das subvencións.

Teranse en conta os seguintes factores:

- Relación existente entre o incumprimento cometido polo xestor e a causa de reintegro que se produciu.

Por exemplo, a falta de control permitiu que o beneficiario reciba unha subvención ou o seu pago indebidamente. Se esta relación existe, debe ter a mesma cualificación que merece a conduta do beneficiario.

- Principios e normas esenciais que regulan a preparación, outorgamento, xustificación e control das subvencións.

Pódense considerar incumprimentos pouco significativos aqueles que por ter unha relevancia fundamentalmente formal non afectan ao bo fin da preparación, da xestión, da xustificación ou do control.

A partir de aí, todos os incumprimentos deben considerarse significativos ou moi significativos, en función de que prexudiquen en menor ou maior medida o cumprimento dos obxectivos que perseguen legalmente cada unha das fases apuntadas.

Así, será significativo aquel incumprimento que prexudica nalgúnha medida pero non fai difícil a realización do propósito legal, nese caso o incumprimento será moi significativo.

14. O auditor tamén deberá prestar especial atención aos seguintes aspectos:

- Interese público que se persegue coa concesión da subvención
- Calidade da xustificación presentada polo beneficiario.
- Tarefas de revisión que, sobre a anterior xustificación, realizaron os servizos públicos afectados.
- O financiamento público achegado non supere o custo da actividade subvencionada
- Grao de consecución dos obxectivos perseguidos e a súa eficiencia.

15. De acordo con todo o anterior pódese establecer de forma orientativa unha clasificación dos incumprimentos que se observaron na fiscalización das subvencións e os seus efectos nos informes de fiscalización da seguinte forma:

Tipo de incumprimento	Leves ou pouco significativo	Significativo	Graves ou moi significativo
<b>Descrición</b>	<p>Incumprimentos das normas que non son considerados significativos.</p> <p>Con frecuencia de carácter formal, que non incide negativamente nos principios xerais.</p> <p>As infraccións leves do artigo 56 da LXS, salvo que sexan causa de reintegro.</p>	<p>Afecta aos principios xerais e/ou ten un efecto negativo nas contas de carácter significativo.</p> <p>O incumprimento é illado e non ten carácter xeneralizado.</p> <p>O incumprimento pode ser debido a unha interpretación “controvertida” da norma.</p> <p>As infraccións graves do artigo 57 da LXS</p> <p>Incumprimentos do beneficiario que sexan causa de reintegro e este non se esixiu.</p>	<p>Os incumprimentos de forma individual ou en conxunto afectan os principios xerais e/ou teñen un efecto negativo nas contas de carácter significativo.</p> <p>Os incumprimentos significativos non son illados e teñen carácter xeneralizado ou sistemático.</p> <p>A non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención foi concedida.</p> <p>A obtención dunha subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a impedisen ou limitado.</p> <p>As infraccións moi graves do artigo 58 da LXS</p>
<b>Exemplos</b>	<p>Non presentación do orzamento da actividade para subvencionar.</p> <p>Non constan as solicitudes desestimadas e o motivo de desestimación.</p> <p>Documentos de gastos que non reúnen os requisitos de factura de acordo coa normativa que regula as obrigas de facturación.</p> <p>As facturas xustificativas son copias non compulsadas.</p>	<p>Bases reguladoras incompletas no contido previsto no artigo 17 LXS.</p> <p>Bases reguladoras aprobadas por órgano non competente (artigo 17 LXS).</p> <p>Non publicación das bases reguladoras no diario oficial.</p> <p>Xustificación insuficiente dos gastos subvencionados e/ou que estes non cumpran os requisitos (art. 31 LXS) de subvencionalidade, entre eles:</p> <p>a) non garden relación directa co obxecto da subvención</p> <p>b) o custo de adquisición dos gastos subvencionados é superior ao valor de mercado (tamén art. 33 LXS).</p> <p>c) Incluir gastos de investimento cando a subvención concedida está destinada a gastos correntes.</p>	<p>Inexistencia dun plan estratéxico de subvencións.</p> <p>Inexistencia de bases reguladoras ou ben estas non teñen o contido mínimo esixido pola LXS.</p> <p>Uso irregular da concesión directa de subvencións (subvencións nominativas), sen xustificar o carácter singular da subvención e as razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitario ou outras que xustifiquen a dificultade ou impedimento de realizar unha convocatoria pública.</p> <p>Confluencia das causas de nulidade da resolución de concesión segundo o art. 36 LXS.</p> <p>Concesión de novas subvencións nominativas cando o beneficiario ten pendente de xustificación ou non xustificou correctamente a subvención concedida nos anos anteriores e leva aparelhada causa de prohibición para ser beneficiario de subvencións.</p> <p>Non xustificación.</p> <p>Non se acordou o reintegro esixido polos artigos 17 e 37 LXS, cando procede segundo os incumprimentos na xustificación.</p>
<b>Efecto no informe de fiscalización</b>	<p>Non afectará á opinión, que será positiva.</p> <p>Estes incumprimentos poderanse poñer nun anexo.</p>	<p>A opinión ou conclusión será positiva con excepcións.</p> <p>Os incumprimentos deberanse sinalar nos fundamentos da opinión ou nas conclusións.</p>	<p>A opinión ou conclusión será negativa.</p> <p>Os incumprimentos deberanse sinalar nos fundamentos da opinión ou nas conclusións.</p>

Aplicarase o **principio de proporcionalidade**, tal como describiuse no apartado 8 anterior. En calquera caso, e suxeito ao seu mandato legal, o auditor debe facer uso do **seu criterio profesional** ao valorar a importancia relativa das incidencias detectadas.

## VI. Fiscalización da xestión de persoal

16. O obxectivo do traballo de fiscalización da legalidade na área de persoal consiste en comprobar que se cumpre a normativa aplicable.

No acceso ao emprego público será de especial relevancia o cumprimento dos **principios constitucionais** de:

- igualdade,
- mérito e
- capacidade

Ademais, o artigo 55 do RD Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece os seguintes **principios reitores** que deben rexer no acceso ao emprego público:

- a) **Publicidade das convocatorias e das súas bases.**
- b) **Transparencia.**
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.

Téndoos en consideración, nas fiscalizacións poden presentarse situacións calificables como incumprimentos moi significativos e que, en función das circunstancias, poden conducir a que o auditor opine que a contratación/acceso do persoal non se axustou aos **principios sinalados**.

En liñas xerais, **calquera incumprimento que atente contra estes principios considerárase significativo**.

17. En relación coas **retribucións**, un dos elementos clave na fiscalización dos gastos de persoal é a comprobación de que os importes das retribucións efectivamente pagos e as variacións que experimenten son conformes coa normativa aplicable, entre outra, as leis anuais de orzamentos.
18. Outras consideracións sobre a xestión de persoal a ter en conta nas fiscalizacións:
- O tratamento informático da xestión de persoal, que requirirá análise detallada do mesmo.
  - Cumprimento das obrigas da entidade coa Seguridade Social e a Facenda Pública.
  - É unha das áreas área que presenta maior litixiosidade ou conflictividade. O auditor, no seu traballo, prestará especial atención ás causas existentes, a normativa presuntamente incumprida e os seus posibles efectos económicos para a entidade.



19. De acordo con todo o anterior pódese establecer de forma orientativa unha clasificación dos incumprimentos que se observaron na fiscalización do persoal e os seus efectos nos informes de fiscalización da seguinte forma:

Tipo de incumprimento	Leves ou pouco significativo	Significativo	Graves ou moi significativo
